

**ACTA DE APERTURA E CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XERAL DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A LICITACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DO "CICLO INTEGRAL DA AUGA" DO CONCELLO DE AMES**

Na Casa Consistorial de Ames sendo as dez horas e quince minutos do día 8 de agosto de 2016, reúnese a Mesa de Contratación designada para a tramitación da adxudicación do procedemento aberto **PARA A LICITACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DO "CICLO INTEGRAL DA AUGA" DO CONCELLO DE AMES.**

**ASISTENTES:**

**Presidente:**

Dona Genma Oterio Uhía, alcaldesa por delegación (Decreto 1450/2016) da Corporación.

**Vogais:**

Dona Concepción Vilas Cantelar, secretaria accidental da Corporación.

Dona Margarita Fenández Sobrino, interventora da Corporación.

Dona Isabel González Cancela, concelleira delegada de participación e atención veciñal e promoción económica.

Dona Marta Bellas Rodríguez, arquitecta municipal da Corporación.

Por parte dos **grupos municipais da oposición**, con voz pero sen voto, asiste o representante do grupo municipal do Partido Popular, don Roberto José Martínez Viaño.

**Secretario:** Don Emilio Garrido Moreira, funcionario do departamento de contratación.

Atópanse presentes neste acto de apertura da documentación administrativa, don Juan José Somoza Rodríguez, con DNI 35466106-Z, que manifesta que acude en representación da empresa Espina y Delfín SL. Tamén acude en representación da empresa Espina y Delfín SL, don Agustín Cambeiro Piñeiro, con DNI 76332913-F e don José Manuel Bello López, con DNI 32771228-T, que manifesta que acude en representación da empresa VIAQUA Gestión Integral de Aguas de Galicia SAU.

Comeza o acto co anuncio por parte da Presidenta do motivo da reunión da mesa de contratación. A continuación anuncia que se presentaron, durante o prazo aberto para a presentación de ofertas, 6 empresas ó procedemento do ciclo integral da auga do Concello de Ames. As empresas que presentaron ofertas en prazo son:

Data	Empresa	Rexistro
22/07/2016	ESPINA Y DELFIN SL	7887
22/07/2016	FCC AQUALIA SA	7898
22/07/2016	SOCIEDAD DE FOMENTO AGRÍCOLA CASTELLONENSE SA (FACSA)- ESPINA OBRAS HIDRÁULICAS SA (UTE)	7908
22/07/2016	VIAQUA GESTIÓN INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA SAU	7912
26/07/2016	VALORIZA AGUA SL	7922
26/07/2016	ACCIONA AGUA SERVICIOS SLU	7921

Tanto Valoriza Agua SL como Acciona Agua Servicios SLU presentaron a súa oferta por correo, anunciando mediante fax, coa debida antelación, que enviaban a súa proposición para concursar por correo certificado.

Constitúe o obxecto desta reunión proceder á cualificación da documentación xeral presentada polos licitadores para participar no procedemento aberto convocado para a contratación do servizo público do "Ciclo integral da auga" no Concello de Ames.

A continuación procédese a apertura do sobre "A" nomeado "documentación administrativa" resultando o seguinte:

EMPRESA	Capacidade de obrar	Representación	Declaración responsable	Acreditar finalidade empresa	Solvencia económica e financeira	Solvencia técnica ou profesional	UTE	Registro licitadores	Índice documentos
FCC AQUALIA SA	SI	SI	SI	SI	SI	SI	NO	SI	SI
VALORIZA AGUAS SL	SI	SI	SI	SI	SI	SI	NO	SI	SI
ESPINA Y DELFIN SL	SI	SI	SI	SI	SI	SI	NO	SI	SI
(FACSA)-ESPINA OBRAS HIDRÁULICAS SA (UTE)	SI	SI	SI	SI	SI	SI	SI	SI	SI
VIAQUAVIA AGUA GESTIÓN INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA SAU	SI	SI	SI	SI	SI	SI	NO	SI	SI
ACCIONA AGUAS SERVICIOS SLU	SI	SI	SI	SI	SI	SI	NO	SI	SI

Despois de comprobar a documentación aportada no sobre A por todas as empresas, a mesa de contratación ratifica que todas as empresas que concorren á licitación presentan a documentación requirida. A mesa de contratación anuncia que a continuación se procederá a examinar e comprobar a validez da documentación presentada para ver se cumpre cos requisitos esixidos nos pregos que serven de base para a licitación.

**Sendo as trece horas e vinte e catro minutos os representantes das empresas que acudiran ó acto de apertura abandonan a reunión,** unha vez rematada a comprobación da documentación presentada por todas as empresas que concorrían ó procedemento do Ciclo integral da auga do Concello de Ames.

A continuación a mesa de contratación procede a comprobar que a documentación presentada cumpre cos requisitos esixidos polos pregos que serven de base para a licitación, resultando o seguinte:

**1.- ESPINA Y DELFIN SL:** En relación coa proposta presentada observouse que ou ben falta algún dos documentos ou ben os presentados non cumpren con algún dos requisitos establecidos no prego que rexe para a contratación.

Concretamente a cláusula 40, apartado e.2, solvencia técnica ou profesional dí:

*“Acreditarase polos seguintes medios (simultaneamente):*

*[.....]*

*Relación dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos cinco anos, que inclúa importe, datas e beneficiarios públicos ou privados destes. Cando o destinatario sexa unha entidade do sector público, os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos polo órgano competente, con todos os requisitos formalmente esixibles...*

*So serán admitidos na licitación aqueles licitadores que no importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior ó 70% do valor estimado anual do contrato de 1.987.534,11 (IVE non engandido) e estean a prestar ou prestaran servizos de abastecemento de auga, saneamento e depuración, de forma conxunta ou separada, en, polo menos, dous municipios, e que a poboación dun deles sexa de máis de 12.000 habitantes, individualmente ou en unión temporal de empresas. Deberase acompañar certificado das administracións públicas en que está a prestar ou prestaran os devanditos servizos”.*

Segundo o exposto e á vista da documentación presentada ESPINA Y DELFÍN SL deberá presentar a seguinte documentación:

- Certificados das administracións públicas (alomenos dous) onde estean a prestar ou prestaran o servizos de abastecemento de auga, saneamento e depuración, de forma conxunta ou separada, no que conste o importe do servizo prestado e a poboación do Concello onde presta os servizos.

- Con respecto á relación dos principais servizos realizados nos últimos cinco anos, esta terá que incluír o importe, datas e beneficiarios.

**2.- FCC AQUALIA SA:** En relación coa proposta observouse que ou ben falta algún dos documentos ou ben os presentados non cumpren con algún dos requisitos establecidos no prego que rexe para a contratación.

Concretamente a cláusula 40, Sobre A, apartado e.1) solvencia económica e financeira dí:

*Acreditarase polos seguintes medios (simultaneamente):*

*- [.....]*

*- Xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais, nos termos establecidos na cláusula 27ª deste prego. No caso de que o seguro de indemnización por riscos profesionais non se estenda á totalidade do prazo de execución do contrato, o/a licitador/a deberá presentar, ademais da póliza correspondente, un documento, debidamente asinado, no que se reflicta o compromiso, no suposto de resultar adxudicatario/a, de renovación periódica do seguro que abrangue a totalidade do prazo de concesión. A acreditación efectiva do cumprimento desta circunstancia deberá achegala o/a adxudicatario/a cunha antelación mínima dun mes con respecto á data de expiración daquel.*

Segundo o exposto FCC AQUALIA SA deberá presentar a seguinte documentación:


- Copia da póliza de seguros de indemnización por riscos profesionais.

- Documento debidamente asinado no que se reflicta o compromiso, no suposto de resultar adxudicatario/a, de renovación periódica do seguro que abrangue a totalidade do prazo de concesión.

**3.- ACCIONA AGUA SERVICIOS SLU:** En relación coa proposta observouse que ou ben falta algún dos documentos ou ben os presentados non cumpren con algún dos requisitos establecidos no prego que rexe para a contratación.

Concretamente a cláusula 40, Sobre A, apartado e.2, solvencia técnica ou profesional dí:

*R. Rodríguez Díaz*



*“Acreditarase polos seguintes medios (simultaneamente):*

[.....]

*Relación dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos cinco anos, que inclúa importe, datas e beneficiarios públicos ou privados destes. Cando o destinatario sexa unha entidade do sector público, os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos polo órgano competente, con todos os requisitos formalmente esixibles...[.....]*

Segundo o exposto ACCIONA AGUA SERVICIOS SLU deberá presentar a seguinte documentación:

- Con respecto á relación dos principais servizos realizados nos últimos cinco anos, esta terá que incluír o importe, datas e beneficiarios.

**4.- SOCIEDAD DE FOMENTO AGRÍCOLA CASTELLONENSE SA (FACSA)-ESPINA OBRAS HIDRAÚLICAS SA (UTE):** En relación coa proposta observouse que ou ben falta algún dos documentos ou ben os presentados non cumpren con algún dos requisitos establecidos no prego que rexe para a contratación.

Concretamente a cláusula 40, Sobre A e.2) solvencia técnica ou profesional dí:

*“Acreditarase polos seguintes medios (simultaneamente):*

[.....]

*Relación dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos cinco anos, que inclúa importe, datas e beneficiarios públicos ou privados destes. Cando o destinatario sexa unha entidade do sector público, os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos polo órgano competente, con todos os requisitos formalmente esixibles...[.....]*

*So serán admitidos na licitación aqueles licitadores que no importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior ó 70% do valor estimado anual do contrato de 1.987.534,11 (IVE non engandido) e estean a prestar ou prestaran servizos de abastecemento de auga, saneamento e depuración, de forma conxunta ou separada, en, polo menos, dous municipios, e que a poboación dun deles sexa de máis de 12.000 habitantes, individualmente ou en unión temporal de empresas. Deberase acompañar certificado das administracións públicas en que están a prestar ou prestaran os devanditos servizos”.*

Segundo o exposto SOCIEDAD DE FOMENTO AGRÍCOLA CASTELLONENSE SA (FACSA)-ESPINA OBRAS HIDRAÚLICAS SA (UTE) deberá presentar a seguinte documentación:

- Certificados das administracións públicas (alomenos dous) onde estean a prestar ou prestaran o servizos de abastecemento de auga, saneamento e depuración, de forma conxunta ou separada, no que conste o importe do servizo prestado e a poboación do Concello onde presta os servizos. A U.T.E Espina Obras Hidráulicas, S.A e Sociedade Agrícola Castellonense, S.A, só presentou un certificado no que constan estes datos.

**5.- VIAQUA GESTIÓN INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA SAU:** En relación coa proposta observouse que ou ben falta algún dos documentos ou ben os presentados non cumpren con algún dos requisitos establecidos no prego que rexe para a contratación.

Concretamente a cláusula 40, Sobre A, apartado e.1) solvencia económica e financeira e e.2) solvencia técnica ou profesional dí:

**e.1 Solvencia económica e financeira:**

*Acreditarase polos seguintes medios (simultaneamente):*

*R. de F. de V. de V.*

- [...]

- Xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais, nos termos establecidos na cláusula 27ª deste prego. No caso de que o seguro de indemnización por riscos profesionais non se estenda á totalidade do prazo de execución do contrato, o/a licitador/a deberá presentar, ademais da póliza correspondente, un documento, debidamente asinado, no que se reflecta o compromiso, no suposto de resultar adxudicatario/a, de renovación periódica do seguro que abrangue a totalidade do prazo de concesión. A acreditación efectiva do cumprimento desta circunstancia deberá achegala o/a adxudicatario/a cunha antelación mínima dun mes con respecto á data de expiración daquel.

e.2 Solvencia técnica ou profesional :

"Acreditarase polos seguintes medios (simultaneamente):

[.....]

Relación dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos cinco anos, que inclúa importe, datas e beneficiarios públicos ou privados destes. Cando o destinatario sexa unha entidade do sector público, os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos polo órgano competente, con todos os requisitos formalmente esixibles...[.....]

So serán admitidos na licitación aqueles licitadores que no importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior ó 70% do valor estimado anual do contrato de 1.987.534,11 (IVE non engadido) e estean a prestar ou prestaran servizos de abastecemento de auga, saneamento e depuración, de forma conxunta ou separada, en, polo menos, dous municipios, e que a poboación dun deles sexa de máis de 12.000 habitantes, individualmente ou en unión temporal de empresas. Deberase acompañar certificado das administracións públicas en que están a prestar ou prestaran os devanditos servizos".

Segundo o exposto VIAQUA GESTIÓN INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA SAU deberá presentar a seguinte documentación:

- Copia da póliza de seguros de indemnización por riscos profesionais.

- Documento debidamente asinado no que se reflecta o compromiso, no suposto de resultar adxudicatario/a, de renovación periódica do seguro que abrangue a totalidade do prazo de concesión.

- Certificados das administracións públicas (alomenos dous) onde estean a prestar ou prestaran o servizo de abastecemento de auga, saneamento e depuración, de forma conxunta ou separada, no que conste o importe do servizo prestado e a poboación do Concello onde presta os servizos.

- Con respecto á relación dos principais servizos realizados nos últimos cinco anos, esta terá que incluír o importe, datas e beneficiarios.

**6.- VALORIZA AGUA SL:** En relación coa proposta observouse que ou ben falta algún dos documentos ou ben os presentados non cumpren con algún dos requisitos establecidos no prego que rexe para a contratación.

Concretamente a cláusula 40, Sobre A, apartado e.1) solvencia económica e financeira dí:

e.1 Solvencia económica e financeira:

Acreditarase polos seguintes medios (simultaneamente):

-O volume anual de negocios do licitador ou candidato, que referido ao ano de maior volume de negocio dos cinco últimos concluídos deberá ser alo menos una vez e media ao valor anual medio estimado do contrato de 1.987.534,11 (IVE non engadido). Acreditarase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivese inscrito no devandito rexistro; en caso contrario polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil, acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

-Xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais, nos termos establecidos na cláusula 27ª deste prego. No caso de que o seguro de indemnización por riscos profesionais non se estenda á totalidade do prazo de execución do contrato, o/a licitador/a deberá presentar, ademais da póliza correspondente, un documento, debidamente asinado, no que se reflicta o compromiso, no suposto de resultar adxudicatario/a, de renovación periódica do seguro que abrangue a totalidade do prazo de concesión. A acreditación efectiva do cumprimento desta circunstancia deberá achegala o/a adxudicatario/a cunha antelación mínima dun mes con respecto á data de expiración daquel.

Segundo o exposto VALORIZA AGUA SERVICIOS SLU deberá presentar a seguinte documentación:

- Contas anuais aprobadas e rexistradas que correspondan ao ano de maior volume de negocio dos cinco últimos anos concluídos. A empresa Valoriza Agua, S.L acompaña as contas do 2014 pero non a súa inscrición no rexistro correspondente.
- Copia da póliza de seguros de indemnización por riscos profesionais.
- Documento debidamente asinado no que se reflicta o compromiso, no suposto de resultar adxudicatario/a, de renovación periódica do seguro que abrangue a totalidade do prazo de concesión.

A continuación, e tendo en conta o anteriormente exposto, previa deliberación, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos seus membros, **ACORDA:**

**PRIMEIRO:** Conceder ás empresas, ás que se lle advirte a falta dalgún documento estipulado nos pregos de cláusulas administrativas, un prazo máximo de **tres días hábiles** para que aporten a documentación que se especifica no parágrafo anterior para cada unha delas, advertíndolle que non presentar a documentación que se lle solicita quedará excluída do procedemento de licitación.



**SEGUNDO:** A mesa de contratación, por unanimidade dos seus membros, acorda adiantar por correo electrónico a todas as empresas o documento no que se especifica a documentación que ten que presentar, debido as datas nas que nos atopamos de período vacacional. Recálcase que a efectos de presentar a documentación requirida o prazo de 3 días hábiles comezará a contar a partir do día seguinte ó que reciban a comunicación oficial a través de correo certificado con acuse de recibo.

**TERCEIRO:** Nos pregos que rexen para a contratación do procedemento do ciclo integral da auga, na cláusula 40. apartado V.1 constitución da mesa, especificase que: "A mesa nomeará, alomenos, un técnico na materia para o seu asesoramento, con voz e sen voto".

**A mesa por unanimidade dos membros presentes acorda nomear para o asesoramento en este procedemento de contratación, con voz e sen voto, a empresa Idom Ingeniería y Consultoría SAU con CIF A48283964.**

**CUARTO.-** Unha vez transcorrido o prazo de presentación da documentación requirida ás empresas para subsanar, a mesa de contratación reunírase novamente para analizar e estudar a documentación presentada polas empresas licitadores do Ciclo integral da auga.

E non sendo outro o obxecto da reunión, a señora Presidenta da por rematado o acto, sendo as quince horas e trinta e oito minutos, do que se estende a presente acta, que en proba de conformidade asinan os membros da mesa de contratación, e eu secretario, certificado.



R. Martínez Varela